
¡BENVIDO, QUERIDO PROFESOR!

Olegario Sotelo Blanco

Tódalas homenaxes desprenden un certo cheiro a rancio. Tamén é verdade que non é o mesmo homenaxear ós mortos que ós vivos. Mais non se me antolla este un verbo moi neutral, que xa parece que vai coa pa traballando. E como eu non o sinto así...

Intentarei que as miñas palabras falen máis do home que recupera a rúa (eu coñecino na rúa) que do profesor que perde a universidade. Máis que unhas palabras de despedida, pois, e para desmarcarme un pouco do discurso xeral, eu propoñerei unhas palabras de benvida, ás que me convida ademais o personaxe, que acaba de publicar a súa primeira novela. ¡Vaia modo de xubilarse!

Desde logo, meu amigo, e falo desde a ledicia que esperta en min esta afortunada circunstancia persoal, non vai quedar a partir de agora de brazos cruzados vivindo da nostalxia e morrendo da inactividade. Pouco o coñece quen así poida pensar, que aquí non describimos a un mestre na aula e a un alumno na súa aula mentres o mestre dá un bote e recupera o seu camiño de sabedoría fóra do mundo, ás veces un tanto limitador, da academicidade.

E eu, con perdón, célebroo. Porque son amigo dese home desde hai varias décadas, cando colaboraba no Centro Galego de Barcelona, presidido naquel momento por un amigo común, Manuel Casado, xa falecido.

E desde o noso primeiro encontro, deime conta de que non era un simple profesor, senón máis ben un sabio, o que explica que puidera comunicar os seus coñecementos con tanta amenidade, que fora un bo profesor.

Son innumerables as lembranzas que fun almacenando desde entón, pero se tivese que destacar algunha, quedaríame coas tertulias na súa casa, en compañía doutros amigos comúns, sobre todo Isi, que ó seu lado aprendeu a amar Galicia. ¿E quen non acaba amando Galicia escoitando a Basilio falar dela, véndoo traballar día a día pola recuperación da súa normalidade cultura?

Ó longo de moitos anos, as agradables merendas na casa desta parella foron unha deliciosa escusa para exercita-la mellor literatura oral, como debía ocorrer nas casas dos sabios que viviron antes da invención da imprenta e, por suposto, da tele-

visión. Aquelas conversas leváronme a redescubri-lo meu propio país, que tiven que abandonar sendo moi novo.

¿E como se agradece un regalo tan importante e tan grande como un país...?

Claro está que se o relato da miña relación con Basilio Losada quedara limitado a esta particular aprendizaxe, quedaría incompleto. Porque desde o comezo el foi un colaborador fundamental na editorial que fundei a finais dos anos setenta, Sotelo Blanco Edicións, empresa que naceu para pórlle a banda sonora na súa propia lingua, o galego, a un país culturalmente mutilado, silenciado polo franquismo. Colaborou en moitos traballos editoriais, dos que me gustaría destacar a súa tarefa como director da que está considerada a mellor colección de poesía contemporánea galega, “Leliadou-ra”, que deu voz a creadores como Antón Avilés de Taramancos, Manuel Rivas, Luz Pozo Garza, entre outros.

Non debemos esquecer que, nos anos escuros do franquismo, Basilio foi un loitador en favor da proxección cultural do galego, máis tamén da revitalización da cultura na propia Galicia. Sempre mantivo relacións de amizade coas figuras capitais deste século: Otero Pedrayo, Álvaro Cunqueiro, Celso Emilio Ferreiro, Filgueira Valverde, Prego de Oliver e moitos máis.

Xa en tempos de democracia, Basilio seguiu fiel a estas paixóns e conviccións e colaborou con firmeza en diferentes ámbitos no proceso de recuperación da lingua, a cultura e a identidade galegas (xa falei da miña editorial...).

O resultado desta firmeza é que a cátedra de Filoloxía Galego-Portuguesa que el ocupou ata o de agora como primeiro titular é a única que imparte clases de Filoloxía Galega, e en lingua galega, nunha universidade fóra de Galicia.

E non quero estenderme falando doutras actividades extraacadémica: traducións de novelas (a obra de Saramago, premio Nobel, adorna esta faceta súa), crítica literaria, conferencias... o que lle valeu o recoñecemento tan caro do mundo intelectual. Ó que seguiu, por suposto, o mundo institucional de Galicia e de Cataluña, país no que Basilio viviu desde neno. Recentemente a Generalitat concedeulle a Creu de Sant Jordi polo seu labor no proceso de coñecemento e de colaboración entre as culturas galega e catalana.

E deixo para o final o meu particular eloxio da súa última aventura intelectual, a de escritor de ficción, coa publicación de *La peregrina*, primeira dunha triloxía de novelas históricas nas que Basilio segue mostrando a ánima da súa terra, neste caso desde a óptica do bufón que a serve e que a canta e que a ama ata o final, ata o mesmo milagre...

De modo, pois, que marcha o profesor, mais non o sabio, nin o conferenciante, nin o crítico, nin o traductor, nin o escritor, nin, por suposto, o home, o meu ami-

